

ESTUDO DAS PROPIEDADES DOS LÍPIDOS

1 SAPONIFICACIÓN

- Engadir 7 g de hidróxido sódico nun vaso de precipitados.
COIDADO!: o hidróxido sódico é moi corrosivo polo que debes manipulalo con moito coidado e nunca tocalo coa man!
- Engadir 25 mL de auga e remexer ata a súa completa disolución.
COIDADO!: a reacción que se produce entre a auga e o hidróxido sódico produce calor; ten coidado de non queimarte!
- Engadir 50 mL de aceite pouco a pouco e removendo continuamente sempre na mesma dirección durante 30 minutos aproximadamente.
- Verter a mestura nos moldes e esperar uns días para que se endureza por completo.
- Desmoldar e deixar nun lugar ventilado durante aproximadamente 3 semanas xirándoo todos os días para que 'cure' ben en toda a súa extensión.
- Para coñecer o seu pH, raia un pouco de xabón, disólveo nun pouco de auga e introduce unha tira de papel indicador de pH na disolución durante 1 minuto.

2 SOLUBILIDADE

- Numerar dous tubos de ensaio cos números 1 e 2, respectivamente.
- Engadir 2 mL de auga no tubo número 1.
- Engadir 2 mL de éter no tubo número 2.
- Engadir 1 mL de aceite en cada un dos tubos e axitar fortemente por inversión.
- Observar os resultados ó rematar a axitación e despois duns minutos de repouso.